

A FORMACIÓN DE PALABRAS EN GALEGO

A **morfloxía** é a parte da gramática que estuda a forma das palabras (de como se constrúen, de onde proceden, etc.). As palabras adóitanse clasificar nas categorías xerais seguintes: substantivos, adxectivos, verbos, adverbios, preposicións, conxuncións, artigos, demostrativos, posesivos, numerais, indefinidos, exclamativos e interrogativos.

O **morfema** é a unidade mínima dotada de significado e de significante. Ex: a palabra **lobos**, está construída polos morfemas **lob-** (significado léxico), **-o-** (o sexo do animal), **-s** (número, máis de un).

1. Morfemas léxicos ou lexemas: presentan o significado referencial, central, que é común a todas as palabras do mesmo campo léxico (familia léxica). Este significado atópase nos substantivos, adxectivos e nos verbos. Ex: **mozo**, **moza**, **mocidade**...

2. Morfemas gramaticais: achegan o contido gramatical das palabras (xénero, número, tempo, persoa, modo e aspecto).

2.1. Morfemas gramaticais libres: constitúen por si mesmos palabras (preposicións, conxuncións, pronomes, etc.).

2.2. Morfemas gramaticais ligados ou trabados: van soldados aos morfemas léxicos na mesma palabra.

2.2.1. Os ligados poden ser flexivos ou desinenciais: indican o xénero e o número das palabras nos substantivos, adxectivos, determinantes e algúns pronomes, e o tempo, modo, aspecto, número e persoa nos verbos. Sitúanse sempre na parte final da palabra.

2.2.2. Ligados derivativos ou afixos: son os que se engaden ao lexema para formar derivados, novas palabras. Segundo a súa posición dentro da palabra: **afixos** (**prefixos** -antes do lexema- e **sufixos** -ao final da palabra-) e os **infixos** (**interfixos**).

A formación de palabras por procedementos internos

As linguas son coma seres vivos en constante transformación, vanse creando palabras e desaparecendo outras. Os falantes poden acudir a **préstamos** doutras linguas (castelanismos, lusismos, anglicismos, galicismos...) ou usar os mecanismos que a propia lingua ten para incorporar vocábulos, o máis común é a derivación.

1.- **Derivación:** (*morfema*)+*lexema*+(*morfema*). É o procedemento máis común para formar palabras sobre unha primitiva.

1.1.- **Derivación prefixal.** A maioría dos prefixos son de orixe grega e latina:

- Prefixos **gregos:** *a/an-*, *arqui-*, *ex-*, *hiper-*, *peri-*... (anormal, analfabeto, arquidiocese, exalumno, hipermercado, pericardio)
- Prefixos **latinos:** *bis-*, *re-*, *extra-*, *vice-* ... (bisavó, recuncar, extraconxugal, vicepresidente)

Moitos radicais grecolatinos funcionan como prefixos na lingua: *electro-*, *aero-*, *foto-*, *macro-* *neo-*, *tele-*, *radio-*, *video-*... (electrocardiograma, aerotransportable, fotosíntese, macroestrutura, neofalante, *electro-*, *aero-*, *foto-*, *macro-* *neo-*, *tele-*, *radio-*, *video-*... (electrocardiograma, aerotransportable, fotosíntese, macroestrutura, neofalante, teletransportar, radioactivo, videoconferencia) teletransportar, radioactivo, videoconferencia)

1.1.1.- Prefixos apreciativos (valor intensificador): *arqui-*, *extra-* *hiper-*, *pre-*, *re-*, *sobre-* *super-*... (arquidiocese, hiperculto, preconstitucional, repoñer, sobresaír, supercaro)

1.1.2.- Prefixos nocionais (modifican o contido do lexema): **-negación:** *a-*, *anti-*, *des/dis-*, *in-*... (amoral, antimonárquico, descolocar, infeliz)

-lugar: *entre-/intra-*, *meta-*, *retro-*, *sobre/super-*, *sub*, *tras/trans*, *ultra*... (entreacto, intramuscular, metacarpo, retrotraer, sobresaír, supervisar, subacuático, traspasar, transmediterráneo, ultrapasar)

-tempo: *ante-*, *pos-*, *pre-*... (antepoñer, pospoñer, predicir)

-cantidade ou **tamaño:** *bis/bi-*, *multi-*, *pluri-*, *semi-*, *uni-*... (bisneto, bipolar, multipropiedade, pluriemprego, unidireccional)

1.2.- **Derivación sufixal.** O sufixo é un morfema ligado que serve para formar novas palabras.

1.2.1.- Sufixos **alterativos ou apreciativos**(achegan matices de tamaño ou

afectividade):

- diminutivos: -iño (valores afectivos, etc.), -acho, -echo etc... (pequeniño, amigacho, gordecho)
- aumentativos: -ón, -án, -azo, -ata, -udo... (cabezón, golpazo, cabezudo)
- despectivos ou pexorativos: -exo, -astro, -orra, -uza, -ete... (lugarexo, poetastro, cabezorra, xentuza, rapacete)
- intensificadores: -ísimo, -érrimo (contentísimo, misérrimo)

1.2.2.- Sufixos **nocionais** (forman novas palabras con significado diferente)
-eiro: home/muller que exerce as funcións de..., colectivo ou conxunto de, lugar onde hai, profesión, plantas ou árbores, recipiente etc. (enfermeira, paleiro, lameiro, amieiro)

a) Sufixos formadores de **substantivos**:

- desubstantivais: -ado/a, -axe, -eiro, -ismo, -ista... (mestrado, soldado, personaxe, comareiro, costumismo, paracaidista)
- deadxectivais: -dade, -eza, -ismo, -ume... (lealdade, baixeza, socialismo, mansedume)
- deverbais: -ción, -deiro/a, -dela, -dor, -mento... (realización, comedeiro, mordedela, comedor, casamento)

Polo significado: colectivo (-al: salgueiral), locativo (-al, -eiro: areal, fumeiro), acción (-ación, -axe: modernización, marcaxe), ocupación (-eiro, -ista: enxeñeira, taxista), doutrina (-ismo: comunismo), etc...

b) Sufixos formadores de **adxectivos**:

- desubstantivais: -al, -és, -oso... (dental, cambadés, amoroso)
- deverbais: -ble, -nte, -ón/ona... (realizable, cantante, abusón)

Polo significado: caracterizador (-ble, -az, -ado: amable, mordaz, pausado), relativo ou pertencente a (-al -ar: persoal, vulgar), xentilicio (-és, -eiro, -an/ano/ao: lugués, betanceiro, ourensén, mozambicano)

c) Sufixos formadores de **verbos** (a maioría dos verbos fórmanse sobre a primeira conxugación):

- desubstantivais: -ar, -ear, -izar... (curvar, trampear, enraizar)
- deadxectivais: -ar, -ear, -ecer, -ificar... (aparvar, clarear, empobrecer, clarificar)

- deverbais: -iñar, iscar... (choviñar, namoriscar)

d) Sufixos formadores de **adverbios**: -mente (facilmente, comodamente)

A derivación pode tamén ser prefixal e sufixal (parasíntese).

2.- A **composición**: (lexema+lexema)

2.1.- Imperfecta ou xustaposta: os dous elementos conservan o seu valor e corpo fonético. Ex: *físico químico, luso brasileiro, contencioso administrativo.*

2.2.- Perfecta ou aglutinada: pérdese a noción de composición. *quebranoces, lavalouza, salvavidas, gardalamas, bulebule, sapoconcho, beiramar, beirarrúa, lobishome, lobicán, augaforte, augardente, augamariña, camposanto, xordomudo, agridoce, clarividente*

3.- A **parasíntese**: morfema+lexema+morfema.

Ex: *alaranxado, enmagrecido.*

En lingüística, a **parasíntese** é a denominación coa que se designa un proceso de formación de palabras que consiste na combinación simultánea de prefixos + lexema+ sufixos, sempre que ao prescindir de calquera dos dous non resulte unha palabra existente na lingua (os dous son imprescindibles): a-carici-ar, en-grand-ecer, des-car-ado, desesperación. Un trazo característico da parasíntese que a afasta da simple derivación é que no caso de quitar o prefixo o conxunto substantivo + sufixo non ten ningún significado, e o mesmo acontece se tiramos o sufixo do conxunto prefixo + substantivo. Estes dous fenómenos non se dan na formación de palabras por derivación.

Existen moitos modelos de parasíntese segundo a natureza dos seus constituíntes. Aquí tes un cadro resumo:

Base	Nova categoría	Estrutura	Palabra parasintética
Substantivo	Verbo	α - + lex + - ar	axeitar (<xeito), adiar (<día)
	Verbo	en- + lex + - ar	encadear (<cadea), enrolar (<rolo)
	Verbo	α - + lex + - ecer	atardecer (<tarde)
Adxectivo	Verbo	α - + lex + - ar	adozar (<doce), afinar (<fino)
	Verbo	en- + lex + - ar	enfriar (<frío), engordar (<gordo)
	Verbo	en- + lex + - ecer	entristecer (<triste)
Substantivo	Adxectivo	α - + lex + - ado	avermellado (<vermello)
	Adxectivo	des- + lex + -ado	desalmado (<alma)

4.- Os **acrónimos**: palabras formadas con siglas ou iniciais. Ex: *ONU* (Organización das Nacións Unidas), *DOG* (Diario Oficial de Galicia).

NB.- **Campo léxico (familia léxica)**: conxunto de palabras derivadas, compostas e parasintéticas formadas a partir da mesma palabra primitiva. Este concepto está relacionado coa forma e non co significado. Ex: *dente*, *dental*, *adentar*, *dentadura*, *dentífrico*, *dentista*, *denteira*... *pan*, *empanada*, *panadaría*, *panadeiro*, *empanar*...

(***Non confundir con **campo semántico**: o conxunto de palabras que teñen un ou máis semas comúns e algún oposto ou diferenciador forman un **campo semántico**)

EXEMPLOS DE SEGMENTACIÓN E CLASIFICACIÓN DE PALABRAS

PALABRA	SEGMENTACIÓN	CLASE
Amiguiños	Amigu (L) iñ (SA) o (SF) s (SF)	Simple
Discusión	Discu (L) sión (SD)	Derivada
Inútiles	In (P) útil (L) es (SF)	Derivada
Piñeiral	Piñ (L) eir (SD) al (SD)	Derivada
Apesaradas	A (P) pesar (L) a[-]d (SD) a (SA) s (SA)	Parasintética
Renovación	Re (P) nov (L) a[-]ción (SD)	Parasintética
Revisión	Re (P) vi (L) sión (SD)	Derivada
Agridoces	Agri (L) doce (L) s (SF)	Composta
Estabamos	Est (R) a (VT) ba (SMT) mos (SNP)	Simple
Recomprarei	Re (P) compr (R) a (VT) re (SMT) i (SNP)	Derivada
Soubeches	Soub (R) e (VT) ches (SNP)	Simple
Estean	Este (R) a (SMT) n (SNP)	Simple

SUFIXOS PREFIXOS. VALORES

3.1. Derivación

- **DERIVACIÓN POR PREFIXACIÓN.** Formación de palabras novas mediante adición ao lexema dun **morfema derivativo prefixo**, que modifica o seu significado pero non a súa categoría gramatical. Adoitan ser de carácter culto, de orixe latina ou grega:
 - **Prefixos de orixe latina:** *abnegar, absterse, antepasado, ambivalente, bipolar, circumpolar, contraorde, deformar, descoñecer, extraoficial, extrafino, incivil, ilexible, embarcar, interdental, entremeter, interurbano, intramuscular, opor, perdurar, postoperatorio, prenatal, prolongar, pronome, recuar, rearmar, reafirmar, retrovisor, soportal, subliñar, sobrealimentar, supersónico, transbordar, trasladar, transformar, ultracorrección, vicepresidente,*
 - **Prefixo de orixe grega:** *antimonárquico, asimétrico, apostata, apétala, anfíbio, antinéboa, arquipélago, arcebispo, catálogo, diapositiva, diafragma, disimetría, endóxeno, eutanasia, hipérbole, hipoderme,*

macrocefalia, microbio, paramilitar, polimorfismo, periferia, simpatía.

Existen algúns **casos especiais de prefixos (os chamados raíces prefixas)** que na lingua orixinaria eran lexemas, pero posteriormente deixaron de empregarse illados, polo que soen considerarse **prefixos cultos**. Estes prefixos considéranse lexemas e forman compostos eruditos cando teñen, polo menos, unha desta características:

- Poden ir en posición inicial ou final: *telégrafo, grafoloxía, ortografía, filosofía, bibliófilo.*
- Poden combinarse entre si para formar palabras compostas *filósofo, discografía, grafoloxía, ortografía, ortopedia, pedicura.*
- Poden levar outros prefixos ou sufixos: *grafismo, grafista.*

▪ VALORES DOS PREFIXOS MÁIS FRECUENTES

Negación, privación, oposición	in (inválido), anti (antinuclear, <i>anticlerical.</i>), des (desabrigar), a (amoral), contra (contraorde) o (<i>oposición</i>)
Numéricos	mono (monoteísta), bi (bimembre), tri (triciclo), tetra (tetrasilábico), penta (pentagrama) pluri (pluriemprego), multi (multidisciplinar)
Tamaño, superlativos, partitivos	mini (minisaia), micro (microorganismo), macro (macrocomputadora), extra (extraordinario), super (supersónico), sobre (sobrealimentación), ultra (ultraconxelado), semi (semicírculo)
Locativos	ante (antesala), pos (posdata), sobre (sobrepoñer), trans (transalpino), inter (intercostal) sub (subterráneo), so (sobrazo) co (cohabitar)
Movemento	pro (proseguir), retro (retrotraer), ex (extraer), intro (introvertido), extra (extravertido), e (<i>emigrar</i>) es (<i>estender</i>) En <i>embotellar</i>
Temporais	ante (antediluviano), pos (posguerra), pre (predicir)
Repetición	re (reiniciar)

▪ OUTROS PREFIXOS E OS SEUS VALORES

Ab-: separación. *Abducción, ablación*

Ad-: dirección, proximidade, a carón de. *Adverso, adxacente*

Anfi-: dunha parte e doutra. *Anfibio, anfiteatro.*

Ante-: antes de *antano.*

Auto-: por un mesmo, propio. *Autobiografía, , automático,*

automóbil, Bi-: dous, dúas veces. Pode tomala forma **bis:**

bimensual, bisexual, bisavó

Co-, com- ,con-: simultaneidade, unión, conxunto, participación ou cooperación: *copiloto, coautor, coexistencia, compadre, convivir*

De-: de máis a menos, de arriba a abaixo. *Decaer, decrecer*

Ex: intensidade: *exclamar*

Extra-: fóra de, moi: *extraoficial, extralonga.*

hemi-: medio, metade. *Hemisferio*

hetero-: outro, diferente. *Heterosexual, heteroxéneo*

hiper-: superioridade, exceso. *hiperactividade, hipertermia, hipertensión, , hipertrofia*

hipo-: debaixo de, escaseza., *hipodérmico, hipotiroidismo*

homo-: igual, *homosexual*

infra-: posición inferior:, *infraestrutura*

inter-: entre, en medio; neste caso pode adoptar a forma **intro, intra.** Tamén pode significar 'entre varios'. *Intercostal, intramuscular, intravenoso*

macro-: tamaño superior. *Macroeconomía,*

micro- : tamaño inferior. *Microbús, micrófono.*

para-: xunto a, á marxe de. *Paralelo, parasimpático.*

Peri-: ao redor de. *Perímetro*

Pos-, post-: posterioridade., *postelectoral*

Pre-: con anterioridade. *predicir, presentir*

Pro-: antes, diante, ou movemento cara diante, a favor de, en lugar de. *prólogo, promover, proxenitor pronome*

Proto-: común. *Prototipo*

Pseudo-: falso. *Pseudónimo*

Re-,Retro-: movementa cara atrás. *Retraer ,Retrovisor*

semi-: medio. *Semitransparente*

sin-: simultaneidade., falta de. *Sincronía, simpatía*

sub-: baixo, debaixo de. Pode toma-las formas **so-**, **sos-**, **su-** ou **sus-**. Tamén pode ter o significado de inferior, secundario. *subcutáneo, , subsolo, suburbano, suburbio.*

Súper, sobre-: sobre, encima de, exceso. *Superpoñer, sobredose*

Trans-, tras- : movementa a través de, posición máis alá. *Transportar, traspasar. Tele-:* a distancia. *teléfono, telepatía, televisión*

Ultra-: máis alá de. *ultradereita, ultrasón.*

Vice-, -viz-: en vez de, substitución: vicedirectora, vizconde

▪ DERIVACIÓN POR SUFIXACIÓN

Formación de palabras novas mediante adición ao lexema dun **morfema derivativo sufixo**, que modifica o significado da palabra base e pode cambiar tamén a súa categoría gramatical. Exemplos:

Escaso-escasear; preguiza-preguiceiro; áncora-ancoradoiro; clara-claramente.

▪ VALORES DOS SUFIXOS MÁIS FRECUENTES

Acción ou efecto	ción (abolición, <i>admiración</i>), sión (agresión), mento (<i>coñecemento</i>) dura (botadura), ada (<i>coitelada, cacicada</i>), azo (<i>carpetazo</i>), ido/a (<i>ferida, engadido</i>), nza (<i>doenza</i>)
Axente, profesional	tor (actor) dor (comunicador, adestradora), eir (porteiro), ista (dentista), ante (comerciante) or/ora (<i>agresor, pintor, deira abrazadeira, dor</i> (<i>encendedor, lavadora</i>) , ario (<i>empresaria</i>)
Xentilicios adxectivos de base substantiva que designan o lugar de	és (vigués), án/á/ao/ano (ourensán-á, limiao, americano), ense (estradense), ino (chantadino), ego (manchego), eiro (rianxeiro), í (magrebí), eo (<i> europeo</i>), eno-a (<i> chileno-a</i>)

orixe	
Locativos lugar, territorio onde se practica, vende ou garda algo	deiro (apeadeiro), doiro (miradoiro), dor (comedor) eira (leñeira), ería/ aría (panadería/panadaría)
Temporais Tempo que dura unha acción, época	ada (noitada, ía (invernía), eira (sementeira)
Árbore, planta	eiro/a (limoeiro, arandeira)
Colectivos	, eira (toxeira, <i>cabeleira</i>), al (piñeiral <i>xestal</i>), ado (alumnado) ada (<i>bandada</i>), ario (<i>anecdótico</i>), axe (<i>follaxe</i>), eiro (<i>cancioneiro</i>), ame (<i>velame</i>), dura (<i>dentadura</i>), mento (<i>armamento</i>)
Caracterizadores	udo (barbudo), án/a/ana (<i>mentirán, cristiá, folgazana</i>), eiro (<i>trampulleiro faladeiro</i>), oso (choroso), ista (<i>bromista</i>), -nte (<i>argallante</i>), ble /-bel (<i>agrada-ble /-bel</i>), ento (<i>amarelento</i>), oso (<i>cobizoso</i>) eiro (<i>casadeiro</i>), ivo (<i>progresivo</i>), ista (<i>racista</i>), il (<i>infantil</i>), oso (<i>agarimoso</i>), oño (<i>risoño</i>) eo (<i>óseo</i>) iño (<i>mariño</i>)
Sistema, doutrina, relixión	ismo (<i>consumismo, capitalismo, budismo</i>)
Relativo a, pertencente a, propio de	ado (<i>dentado</i>), al (<i>circunstancial</i>), ar (<i>escolar</i>), ico (<i>académica</i>), al (<i>persoal, invernal</i>)
Calidade de (Abstractos)	idade (<i>felicidade, cordialidade</i>), dade (<i>crueidade</i>), ez (<i>nenez</i>), eza (<i>sutileza</i>)
Formador de adverbios	Mente (<i>indubidablemente</i>)
Aumentativos	aza (<i>barcaza</i>), ón (<i>durmiñón</i>)
Diminutivos	iño/ciño (<i>neniño, canciño</i>), elo (<i>cadelo</i>), echo (<i>pequerrecho</i>)
Despectivos	ucha (<i>casucha</i>) acho (<i>populacho</i>), astro (<i>politicastro</i>)

OBSERVACIÓNS:

- Nos adverbios rematados en **-mente**, o elemento que aparece entre o lexema e o sufixo é un morfema flexivo de xénero feminino: *mans-**a**-mente...*
- O sufixo **-nte** únese á raíz dos verbos da primeira e segunda conxugación mediante a vogal temática do verbo orixinario: *crente, principiante*.
Cando o verbo é da terceira, danse tres solucións:
 - ente: influente, relucente
 - iente: conveniente, sobresaliente
 - inte: seguinte, oínte.

Pregunta 2: Bloque de “Reflexión sobre a lingua”

Esta pregunta pode presentar opcionalidade ou non. Nela traballaranse saberes básicos relativos ás disciplinas lingüísticas (fonética e fonoloxía, morfoloxía e sintaxe, semántica e lexicografía) para que a reflexión sobre a lingua sirva á comprensión textual para avaliar o CA4.3.

Con este fin formularanse cuestións sobre:

1. Identificar e describir as principais características da fonética da lingua galega.
2. Identificar e usar as diferentes clases de palabras.
- 3. Evidenciar a comprensión das posibilidades de creación de palabras e enriquecemento do léxico mediante a composición, derivación, parasíntese e acronimia.**
4. Identificar e empregar axeitadamente as formas verbais e perífrases.
5. Identificar e empregar as clases de sintagmas/frases, os seus constituíntes e as funcións que poidan exercer nas cláusulas/oracións.
6. Identificar e usar as funcións primarias da cláusula/oración (suxeito, predicado e complementos).
7. Identificar e usar as relacións existentes entre estruturas sintácticas.
8. Evidenciar a comprensión das diferentes relacións léxico-semánticas das palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, cohiponimia, hiponimia, familia léxica e campo semántico) mediante a identificación nun texto ou o emprego de sinónimos, antónimos etc.).

Para maior claridade, sinálanse catro aspectos adicionais sobre esta segunda pregunta:

1. Non se solicitará unha análise fonética completa de secuencias ou fragmentos, só de determinados fonemas.
2. Non se pedirá unha análise sintáctica formal de oracións/cláusulas.
- 3. Non se pedirá análise morfolóxica de palabras, pero poderá pedirse identificación de elementos dalgún dos seus constituíntes para relacionalos con outras palabras e atopar familias léxicas ou descubrir os significados dos mesmos morfemas noutras palabras e comprender mellor o léxico do texto.**
4. Poderase preguntar por algúns dos elementos que contribúen a dotar de cohesión e coherencia un texto, como antecedentes de relativos, referentes textuais de pronomes, valores anafóricos e catafóricos dalgún elemento, nexos e conectores etc., pero non se pedirá unha análise xeral dos mecanismos de cohesión dun texto determinado (aínda que se valorará o seu uso na produción textual).
5. As preguntas non serán unicamente teóricas; non se trata de reproducir memoristicamente, senón de identificar o valor de unidades lingüísticas nun contexto determinado para unha máis profunda comprensión textual.

A puntuación total desta segunda pregunta será sempre de 1,5 puntos.